



# ***Cadernos de Fraseoloxía Galega***

## **NORMAS DE PUBLICACIÓN**

As contribucións achegaranse en formato editable (Microsoft Word, RTF ou LibreOffice) ao enderezo electrónico [paremias@cirp.gal](mailto:paremias@cirp.gal).

Todos os traballos —sexan artigos, recadádivas ou recensións— deberán seguir as **normas de estilo** indicadas neste documento. En liñas xerais, o **tamaño** do papel será o A4 e todas as **marxes** deberán ser de 2,54 cm. Ademais, o **corpo do texto** irá xustificado, en Times New Roman, tamaño 10, interliñado 1.

Independentemente do tipo de traballo, as **figuras e táboas** deberán ir acompañadas sempre dun título localizado na parte superior, Times New Roman 9, redonda, interliñado 1 e centrado. No caso de que o título sexa demasiado longo, recoméndase que o texto non vaia centrado, senón xustificado.

*Cadernos de Fraseoloxía Galega* amosa o seu compromiso coa comunidade científica á hora de garantir a ética e a calidade de todos os artigos e traballos publicados, polo que opera baixo o **principio de non discriminación**, tal e como se manifesta na súa [Declaración de boas prácticas](#). En consecuencia, recoméndase que as contribucións sexan inclusivas, tanto en termos de [linguaxe](#) como de [accesibilidade](#).

### **1. ARTIGOS E RECADÁDIVAS**

Os traballos presentados ás seccións “Artigos” e “Recadádivas” seguirán o formato indicado neste apartado. Ademais, é preciso sinalar que a extensión recomendable dos artigos é de **40 000 caracteres**, mentres que as recadádivas deberán adaptarse ás circunstancias propias da recolleita.

- O **título** da contribución irá en minúsculas, negriña, Times New Roman 14, xustificado.
- A continuación, indícase o **título en inglés**: en minúsculas, negriña, cursiva, Times New Roman 14, xustificado.
- Os **datos de autoría** irán aliñados á dereita, na orde e formato que se indican a seguir:

Nome e apelidos do 1.º autor	▪ Nome: Times New Roman 10
Nome completo da Institución da que procede o 1.º autor	▪ Institución: Garamond 9
ORCID	▪ ORCID: Garamond 9
Enderezo electrónico de contacto do 1.º autor	▪ Email: Times New Roman 9

Se hai varios autores, os nomes deberán ir separados por saltos de parágrafo.

- O **resumo** engadirase por duplicado: primeiro, na lingua orixinal do traballo e, despois, en inglés, sempre precedidos pola palabra “Resumo” (na lingua do manuscrito) ou “Abstract” segundo corresponda. Contarán cunha sangría esquerda de 1 cm e o texto estará xustificado, con interliñado 1. A fonte empregada será Arial Narrow 9 e a súa extensión non poderá ser inferior a 150 palabras nin superior ás 250.
- Debaixo de cada resumo, incluíranse as **palabras clave** no idioma que corresponda introducidas polos termos “Palabras clave” (ou o equivalente na lingua do manuscrito) e “Keywords” segundo sexa o caso. Deberá haber un mínimo de 3 e un máximo de 10, ordenadas desde as máis xenéricas ata as máis específicas. Irán en Arial Narrow 9, con minúscula inicial agás que a palabra requira o contrario, separadas por comas e con punto final.
- Os **títulos de primeiro nivel** irán numerados (con números arábigos), aliñados á esquerda, en minúsculas, negriña, Times New Roman, tamaño 12 e cun espazo anterior e posterior de 6 puntos.
- Os **títulos de segundo e terceiro nivel** irán numerados (con números arábigos), aliñados á esquerda, en minúsculas, negriña, Times New Roman, tamaño 10 e cun espazo posterior de 6 puntos. Co mesmo formato, pero sen numerar, irán tamén o título da sección de **agradecementos** e os dos **apéndices**, de habelos.
- As **notas** deberán engadirse a pé de páxina e nunca para incluír referencias bibliográficas. O formato será Times New Roman 8, interliñado 1. A chamada deberá aparecer en superíndice e, de habela, sempre despois da puntuación (comiñas, parénteses, puntos, comas...).
- No caso de que a contribución recibise algún tipo de **financiamento** (bolsa, axuda, proxecto etc.), deberá sinalarse de forma expresa nunha nota ao pé ou engadindo unha sección de agradecementos onde se mencione a axencia de financiamento, o código do proxecto de investigación etc.
- As **citas** de menos de tres liñas irán dentro do propio parágrafo. As de máis de tres deberán ir intercaladas nun parágrafo á parte, en Times New Roman 9, con sangría esquerda de 1 cm, interliñado 1 e xustificadas. A autoría da cita en cuestión indicárase do seguinte xeito: (Apelido ano: páxina). Por exemplo: (*Katan 2001: 46*).
- Os **exemplos en parágrafo á parte** deben presentarse en Times New Roman 10; sangría esquerda de 1 cm; interliñado simple e espazo posterior de 6 puntos. Se é necesario numerar os exemplos, estes deben aparecer entre parénteses. No caso de precisar asociar varios

exemplos empregando números, entón haberá que engadir letras consecutivas: (1a), (1b), (2a), (2b), (2c), e evitar o uso de comiñas simples (1').

- Nas **recadádivas**, as unidades fraseolóxicas recollidas presentaranse nun apartado propio, clasificadas segundo a súa tipoloxía, en orde alfabética e destacadas en negriña. No caso de engadir unha definición ou calquera tipo de aclaración, este texto deberá ir en letra redonda, sen negriña nin cursiva. Recoméndase que os exemplos, de habelos, se presenten en cursiva para diferencialos máis claramente. Por exemplo:

3. **bacía dos porcos** col. Recipiente no que comen os porcos. *E sentado na bacía dos porcos, fíxolles as osquias, entregoullos, ela doulle os cartos, e ¡boas tardes nos dea Dios!* (208).

## 2. RECENSIÓNS

As recensións deberán ter unha **extensión máxima duns 20 000 caracteres** e, en ningún caso, a extensión mínima ser inferior ás 3 páxinas. O máximo poderá superarse se a recensión así o require.

En liñas xerais, o formato deste tipo de contribucións será o seguinte:

- O **título** da recensión (que deberá estar escrito en Times New Roman 10, negriña, interliñado 1) será a referencia bibliográfica da obra, indicada da seguinte maneira: APELIDOS, Nome (ano). *Título do libro*. Cidade: Editorial; ISBN, n.º páxinas.

**BLANCO ESCODA, Xavier e MEJRI, Salah (2018). *Les Pragmatèmes*. París: Classiques Garnier. ISBN 978-2-406-08203, 213 pp.**

- Na parte superior esquerda da primeira páxina, xusto debaixo do título, debe inserirse unha **imaxe da portada** da obra que se está a recensionar.
- O **corpo** da recensión irá en Times New Roman 10, interliñado 1 punto, xustificado.
- As **notas a pé de páxina**, que en ningún caso se empregarán para engadir bibliografía, deberán ir en Times New Roman 8, interliñado 1, xustificadas.
- A **bibliografía**, de habela, debe engadirse ao final do documento nunha sección á parte. As referencias deben incluír o DOI sempre que sexa posible.
- A **autoría** indicárase sempre ao final da recensión, aliñada á dereita, seguindo o seguinte esquema:

Nome e apelidos do 1.º autor	▪ Nome: Times New Roman 10
Nome completo da Institución da que procede o 1.º autor	▪ Institución: Garamond 9
ORCID	▪ ORCID: Garamond 9
Enderezo electrónico de contacto do 1.º autor	▪ Email: Times New Roman 9

- De ser preciso engadir unha referencia ao **financiamento**, pódese incluír unha nota a pé de páxina xunto ao nome do/a autor/a na que se aclare esta situación.

### 3. BIBLIOGRAFÍA

O estilo das referencias bibliográficas será o sinalado pola **Normas APA na súa 7.ª edición**, a cal pode consultarse nas seguintes ligazóns:

- Web oficial das Normas APA: <https://apastyle.apa.org/style-grammar-guidelines/>.
- Exemplos de referencias na web oficial das Normas APA (7.ª edición): <https://apastyle.apa.org/style-grammar-guidelines/references/examples>.
- Tradución ao español das Normas APA (7.ª edición) en formato PDF: <https://normas-apa.org/wp-content/uploads/Guia-Normas-APA-7ma-edicion.pdf>.
- Tradución ao español das Normas APA (7.ª edición) en liña: <https://normas-apa.org/>.

En todos os casos, será necesario engadir o **DOI** da referencia bibliográfica sempre que sexa posible. Ademais, a bibliografía deberá presentarse en caracteres latinos e co **formato** Times New Roman 10, interliñado 1, xustificado, con sangría francesa de 1,25 cm.

No caso das **recadádivas**, aconsellamos diferenciar entre bibliografía primaria (as fontes que se empregaron para extraer ou comprobar unidades fraseolóxicas, definicións ou exemplos —como sería o caso dos dicionarios—) e bibliografía secundaria (as fontes teóricas).

Así mesmo, desaconsellamos a inserción automática das citas e da bibliografía mediante o uso dos xestores que inclúen algúns procesadores de textos como Microsoft Word co fin de evitar problemas de compatibilidade.

### 4. ORTOTIPOGRAFÍA

Neste apartado presentamos algúns **aspectos ortotipográficos** que convén ter en conta á hora de preparar os manuscritos:

- Recoméndase que, en xeral, as **comiñas** empregadas sexan as latinas (« »). De ser necesario engadir comiñas dentro destas, deberán utilizarse as inglesas (“ ”).
- Para marcar o sentido dunha palabra ou expresión, recoméndase o uso das **comiñas simples** (‘ ’).
- As **supresións de texto** dentro das citas sinalaranse con corchetes: [...].
- Os **estranxeirismos** e latinismos sinalaranse en cursiva.
- As **metáforas conceptuais** indicaranse en versaliñas minúsculas.

- As **chamadas das notas a pé de páxina** situaranse despois da puntuación (puntos, comas, comiñas, parénteses...).
- Para facer **incisos**, poderán empregarse as parénteses ou a raia (—...—), mais nunca o guión (-) ou o trazo medio (—).
- Ao indicar os **números de páxina** das referencias ou das citas, deberá empregarse o trazo medio (—): *16—32*.
- No caso dos **períodos de tempo**, como os anos, utilizarase o guión (-): *1966-1970*.
- Na medida do posible, evítase o uso do subliñado e da negriña no corpo do texto, e destacarase as palabras mediante outros sistemas, como as comiñas ou a cursiva.
- As **cifras de 4 díxitos** non levarán puntuación entre o milleiro e o resto do número: *Hai 1200 exemplos* (e non: *Hai 1.200 exemplos*).
- As **cifras de máis de 4 díxitos** levarán un espazo de non separación<sup>1</sup> en lugar de punto: *Este dicionario recolle 10 000 unidades fraseolóxicas* (e non: *Este dicionario recolle 10.000 unidades fraseolóxicas*).

---

<sup>1</sup> Para inserir un espazo de non separación en Microsoft Word ou en LibreOffice, é necesario premer simultaneamente as teclas Ctrl+Maiúsculas+Espazo.



# *Cadernos de Fraseoloxía Galega*

## **AUTHOR GUIDELINES**

All contributions must be submitted to [paremias@cirp.gal](mailto:paremias@cirp.gal) in an editable format, such as Microsoft Word, OpenOffice or RTF. Regardless of the section (“Estudos/Papers”, “Recadávivas/Compilations” or “Recensións/Reviews”), authors must adhere to the **author guidelines** provided in this document. Overall, the **paper size** should be A4; **margins** (top, bottom, left and right): 2.54 cm. **Main text:** complete justification; Times New Roman 10, with 1 line spacing.

Regardless of the type of contribution, **figures** and **tables** must include a title above them. Format: Times New Roman 9, roman letters, 1 line spacing, centred. If the title is too long, it is highly recommended to justify the text instead of centring it.

*Cadernos de Fraseoloxía Galega* is committed to the scientific community regarding the ethics and quality of all articles and papers published. This means the journal operates under the **principle of non-discrimination**, as stated in its [Publication Ethics and Publication Malpractice Statements](#) (PEMS). Consequently, it is highly desirable that all the contributions are inclusive, both in terms of [language](#) and [accessibility](#).

### **1. ARTICLES AND COMPILATIONS**

Papers submitted to “Estudos/Papers” and “Recadávivas/Compilations” must adhere to the guidelines provided in this section. It is important to note that the recommended length for articles is **40,000 characters**. The length of said compilations must be adapted to the specific circumstances of the collection.

- **Main title** (in the language of the contribution): in lower case; boldface; Times New Roman 14; justified.
- **English title:** in lower case; boldface; italics; Times New Roman 14; justified.
- **Authorship:** right-aligned, respecting the following format:

Name and Surname of the 1 <sup>st</sup> author	▪ Name: Times New Roman 10
Institution (no abbreviations)	▪ Institution: Garamond 9
ORCID	▪ ORCID: Garamond 9
email	▪ Email: Times New Roman 9

If there are **multiple authors**, their names must be separated by paragraph breaks.

- Two **abstracts** must be added. The first one must be written in the language of the contribution. The second abstract should be in English. Both of them must be introduced by the term “Abstract” in their corresponding languages. **Format:** left indentation (1 cm); complete justification, with 1 line spacing; Arial Narrow 9. **Length:** from 150 to 250 words.
- Below each abstract, a list of **keywords** (between 3 and 10) must be included after the term “Keywords” written in the pertinent language. These words must be arranged from the most generic to the most specific. **Format:** Arial Narrow 9; in lower case (unless necessary); separated by commas; with a full stop.
- **First-level headings:** numbered (with Arabic numerals); left-aligned; in lower case; boldface; Times New Roman 12; before and after the title, a 6-pt. spacing is needed.
- **Second-level and third-level headings:** numbered (with Arabic numerals); left-aligned; in lower case; boldface; Times New Roman 10; after the title, a 6-pt. spacing is needed. This format should also be applied to the sections “**Acknowledgements**” and “**Appendix**” (if any), but bearing in mind that these two headings must not be numbered.
- Commentaries must appear in **footnotes**, which shall not be used to enter new complete bibliographical references. **Format:** Times New Roman 8; complete justification; 1 line spacing. The footnote reference—in superscript— should be added after the punctuation (quotation marks, parentheses, commas...).
- If a contribution has received **financial support** (scholarship, grant, research project, etc.), it must be clearly indicated in a footnote or in the Acknowledgements section. Authors must state their funding agency, the research project code, etc.
- **Short quotations** (max. 3 lines) should be included in the text. **Long quotations** (more than 3 lines) must be placed in free-standing block of text with the following format: Times New Roman 9; left indentation (1 cm); complete justification; 1 line spacing. The format of **in-text citations** is as it follows: (Surname year: page). For instance: (*Katan 2011: 46*).
- **Examples constituting a separated paragraph** should be in Times New Roman 10; left indentation (1 cm); 1 line spacing; a 6-pt. default space after the paragraph. If the examples have to be numbered, numbers must appear in brackets. To associate several examples by using numbers, add consecutive letters: (1a), (1b), (2a), (2b), (2c). Using single quotation marks (1') should be avoided.

- In the case of **compilations (“Recadávivas”)**, the collected phraseological units should have their own section and be classified according to their typology (e.g.: collocation, locution, proverb...) and, then, arranged in alphabetical order.

Format:

- Phraseological units: boldface.
- Definitions or commentaries: roman letters.
- Examples: italics.

For instance:

3. **bacía dos porcos** col. Recipiente no que comen os porcos. *E sentado na bacía dos porcos, fíxolles as osquias, entregoullos, ela doulle os cartos, e ¡boas tardes nos dea Dios!* (208)

## 2. REVIEWS

The submitted reviews should have a **maximum length of 20,000 characters**, but this limit could be exceeded in exceptional occasions if needed. However, under no circumstances shall the journal accept reviews with a length under 3 pages.

Altogether, reviews must have the following format:

- **Title:** Times New Roman 10; boldface; 1 line spacing. The title should be the bibliographical reference of the reviewed work, stated as it follows: SURNAME, Name (year). *Title*. City: Publishing House; ISBN, pages:  
  
**BLANCO ESCODA, Xavier e MEJRI, Salah (2018). *Les Pragmatèmes*. París: Classiques Garnier. ISBN 978-2-406-08203, 213 pp.**
- In the upper left of the page, right under the title, an **image of the cover** must be inserted.
- **Main text:** Times New Roman 10; 1 line spacing; complete justification.
- Commentaries must appear in **footnotes**, which shall not be used to enter new complete bibliographical references. **Format:** Times New Roman 8; complete justification; 1 line spacing. The footnote reference—in superscript—should be added after the punctuation (quotation marks, parentheses, commas...).
- If there are **bibliographical references**, they must be added in a separated section at the end of the review. It is important to cite the DOI whenever possible.
- The authorship has to be included at the end of the document. It must be right aligned and according to the following example:



Name and Surname of the 1<sup>st</sup> author  
Institution (no abbreviations)  
ORCID  
email

- Name: Times New Roman 10
- Institution: Garamond 9
- ORCID: Garamond 9
- Email: Times New Roman 9

- If required, a mention to the received **fundings** can be added in a footnote to clarify the situation. The footnote reference must be added next to the author's name.

### 3. BIBLIOGRAPHY

The style and format of the bibliographical references should be the one described in the *Publication Manual of the American Psychological Association, Seventh Edition*, that is, **APA Style (7<sup>th</sup> Ed.)**, which can be consulted in the following links:

- Official Web: <https://apastyle.apa.org/style-grammar-guidelines/>.
- Examples of references in the official web (APA Style, 7<sup>th</sup> Ed.): <https://apastyle.apa.org/style-grammar-guidelines/references/examples>.
- Spanish translation of the APA Style (7<sup>th</sup> Ed.), available in PDF: <https://normas-apa.org/wp-content/uploads/Guia-Normas-APA-7ma-edicion.pdf>.
- Spanish translation of the APA Style (7<sup>th</sup> Ed.), online: <https://normas-apa.org/>.

These section must be written with Latin characters; **format**: Times New Roman 10; justified; 1 line spacing; 1.25 cm French indentation. Also, the **DOI** must be added in all references if possible.

In the case of the **compilations** ("Recadávivas"), authors are highly encouraged to differentiate between primary references (sources used to find or check phraseological units, definitions or examples —e.g.: dictionaries—) and secondary references (theoretical sources).

To avoid compatibility issues, the automatic insertion of cites and bibliography that some word processors (such as Microsoft Word) include is strongly discouraged.

### 4. TYPOGRAPHICAL SYNTAX

This section includes some **typographical aspects** that should be considered when preparing the manuscript:

- The recommended **quotation marks** are the guillemets (« »). Inside the guillemets, new quotations should use the English double curly quotation marks (" ").
- The **meaning** of a word or expression should be emphasized by using the single quotation marks (‘ ’).

- If part of the text inside a quotation is deleted, this should be pointed out as it follows: [...].
- **Foreign expressions** and Latinisms will be written in italics.
- **Conceptual metaphors** should appear in lower case, small caps.
- **Footnote references** —in superscript— should be added after the punctuation (quotation marks, parentheses, commas...).
- **Remarks** are to be written between brackets or *em* dash (—...—). The use of hyphens (-) or *en* dash (–) must be avoided.
- **Page numbers** must be separated with an *en* dash (–): 16–32.
- **Periods of time** should be connected with a hyphen (-): 1966-1970.
- Underlining or boldfacing parts of the text must be avoided whenever possible. To highlight an excerpt of the text, using quotation marks or italics is recommended.
- If the manuscript is in a Romance language (e.g.: Galician, Portuguese, Spanish...), **four-digit numbers** should not include punctuation: *Hai 1200 exemplos* (and not: *Hai 1.200 exemplos*). Likewise, **figures with more than 4 digits** should include a non-breaking space<sup>2</sup> instead of punctuation: *Este dicionario recolle 10 000 unidades fraseolóxicas* (and not: *Este dicionario recolle 10.000 unidades fraseolóxicas* or *Este dicionario recolle 10,000 unidades fraseolóxicas*).

---

<sup>2</sup> To add a non-breaking space in Microsoft Word or OpenOffice, the following keys must be simultaneously pressed: Ctrl+Shift+Space.